

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO



IES MONTE NEME

ÍNDICE

1. Introducción.....	4
2. Análise do contexto do centro educativo.....	5
2.1. Situación xeográfica do instituto.....	5
2.2. Descrición do ámbito económico, social e laboral.....	6
2.3. A nosa historia.....	7
3. Oferta formativa do centro.....	8
4. Descrición do centro, dependencias e instalacións.....	9
4.1. Edificio principal.....	9
4.2. Bloque II (Electricidade e Electrónica).....	10
4.3. Bloque III (Fabricación Mecánica).....	10
4.4. Bloque IV (Administración e Xestión).....	10
4.5. Pavillón Deportivo.....	11
5. Características xerais.....	11
5.1. Alumnado.....	11
5.2. Profesorado.....	11
5.3. ANPA e familias.....	12
5.4. Persoal non docentes.....	12
5.5. Servizos complementarios.....	12
5.6. Estado das relacións e análise da participación na vida do centro.....	12
6. Detección de puntos fortes e propostas de mellora.....	12
7. Principios, valores e sinais de identidade.....	14
8. Obxectivos Xerais e liñas de actuación.....	17
9. Obxectivos xerais das diferentes etapas educativas.....	18
9.1. Finalidade e obxectivos xerais da ESO.....	18
9.2. Finalidade e obxectivos xerais do Bacharelato.....	20
9.3. Obxectivos xerais dos ciclos formativos.....	22
10. Concreción curricular: aspectos xerais para a elaboración das programacións.....	23
11. Criterios xerais sobre avaliación e promoción do alumnado.....	26
11.1. Avaliación e promoción na ESO.....	27
11.2. Porcentaxe de contribución de cada materia ás competencias en 4º ESO.....	30

11.3. Titulación na ESO.....	31
11.4. Matrícula de honra en 4º da ESO.....	32
11.5. Avaliación e promoción no Bacharelato.....	33
11.6. Titulación no Bacharelato.....	37
11.7. Matrícula de honra en 2º de BAC.....	38
11.8. Avaliación e titulación en ciclos formativos de grao medio e superior.....	39
11.9. Matrícula de honra en ciclos formativos.....	43
11.10. Proceso de reclamación de cualificacións.....	44
12. Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF).....	44
13. Plan de Convivencia.....	45
14. Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).....	46
15. Plan de Acción Titorial (PAT).....	48
16. Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP).....	49
17. Proxecto lingüístico de centro (PLC).....	49
18. Proxecto lector de centro (PLC).....	50
19. Plan de Integración das TIC.....	50
20. Colaboración co Concello, Servizos Sociais e outras asociacións e entidades.....	50
21. Avaliación da consecución dos obxectivos do Proxecto Educativo de Centro.....	52
22. Referencias normativas.....	54
22.1. Normativa xeral estatal.....	54
22.2. Normativa xeral autonómica.....	55
22.3. Outra normativa.....	56
23. Bibliografía.....	56

1. Introducción

A LOE sinala as características xerais do Proxecto Educativo que deberán elaborar os centros educativos, recollendo, de forma tamén xeral, os elementos que deben formar parte do mesmo.

Os elementos básicos veñen recollidos no artigo 121 da LOE

“Artigo 121. Proxecto educativo.

- *O proxecto educativo do centro recollerá os valores, obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración Educativa que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas.*
- *Dito proxecto, que deberá ter en conta as características da contorna social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e acción titorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación”.*

Como punto inicial nomeamos a continuación as características que consideramos debe cumprir o proxecto educativo do noso centro:

- a) Debe ser un proxecto global, coa vontade de unificar con sentido integrador os aspectos educativos fundamentais do centro, comprometendo a todas as persoas que forman parte da comunidade educativa escolar.
- b) É un proxecto único e singular, no que tratamos de definir os sinais de identidade e oferta educativa que son propios do noso centro, valorando as fortalezas e debilidades, e tratando de concretar as aspiracións e retos de futuro.
- c) Será un proxecto vivo e participativo, comprometido co persoal docente e non docente, alumnado familias, e outros axentes da comunidade educativa, converténdose nunha referencia formal que vincula a todos os membros da comunidade educativa para a toma de decisións.

- d) O proxecto educativo debe ser promotor dunha resposta educativa de calidade, procurando como centro dar a mellor resposta educativa posible a todo o alumnado, para que acaden o éxito escolar, baixo os principios de equidade e inclusión, e comprometido co desenvolvemento profesional e coa mellora permanente das persoas.
- e) O proxecto debe estar proxectado ao futuro, anticipando os valores e competencias a desenvolver nas persoas que educamos.
- f) Finalmente, aspiramos a que o proxecto educativo se manteña como un documento vivo, integrador, vinculante e referente para a toma de decisión da comunidade escolar, polo que deberá ser revisable e actualizarse periodicamente.

2. Análise do contexto do centro educativo

Para a redacción do Proxecto Educativo de Centro partimos dunha análise do contexto que nos axuda a ir establecendo os pasos estratéxicos necesarios para lograr os obxectivos propostos. Ter en conta as características da contorna social e cultural serve como punto de partida para a elaboración dun Proxecto Educativo adaptado ao medio e ao noso alumnado, establecendo a singularidade do noso centro, para poder planificar adecuadamente a acción educativa,


2.1. Situación xeográfica do instituto

O IES Monte Neme está situado na localidade de Carballo, na rúa Nacente, 29, CP 15106, Carballo (A Coruña).

O centro educativo está situado a dous quilómetros do centro urbano de Carballo, capital da comarca de Bergantiños, composta polos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso.

As coordenadas xeográficas son:

Lonxitude Oeste	8° 42' 11,1''
Latitude Norte	43° 12' 56,38''



2.2. Descrición do ámbito económico, social e laboral

Cunha superficie de 187 km² Carballo é un dos municipios de maior tamaño da provincia da Coruña, ademais dun dos máis poboados.

Segundo as cifras que ofrece o Instituto Galego de Estadística, á data de 1 de xaneiro de 2022, Carballo conta con algo máis de 31.400 habitantes, cunha porcentaxe lixeiramente superior de mulleres (51,1%) que de homes (48,9%)

Os seus 31.400 habitantes agrúpanse en 314 entidades de poboación e 18 parroquias (Aldemunde, Ardaña, Artes, Berdillo, Bértoa, Cances, Entrecruces, Goiáns, Lema, Nocela, Oza, Razo, Rebordelos, Rus, Sísamo, Sofán e Vilela), concentrándose un 60% dos habitantes no seu núcleo urbano.

O termo municipal de Carballo limita ao sur con Val do Dubra, que separa as serras de Soneira e Montemaior. De sueste a oeste atravesa o municipio o val do Anllóns.

Carballo ten fáciles accesos ao mar da Costa da Morte, estando a curta distancia dos lugares turísticos de Malpica, Ponteceso, Corme, Laxe e especialmente Razo, praia de recoñecido prestixio. O rico ecosistema da franxa costeira de Razo-Baldaio atópase na base do Monte Neme, lugar de explotación mineira de volframio desde a II Guerra Mundial.

Moitos son os motivos que propiciaron o desenvolvemento económico do municipio, especialmente a riqueza mineira e a explotación de xacementos da zona no século pasado, a agricultura, etc.

A partir dos anos sesenta do século pasado medrou o sector secundario. Naceron empresas como a conserveira Calvo, convertida hoxe nunha grande industria internacional, que contribuíron activamente dende os seus inicios ao desenvolvemento da vila. Carballo é na actualidade unha cidade con todo tipo de servizos e empresas, que dinamizaron nos últimos tempos sectores tan variados como o plástico, o automobilismo, o metal, a maquinaria agrícola ou o sector forestal.

Unha grande parte do sector empresarial carballés aséntase no referente do crecemento económico do municipio, que vén de ampliar

a súa superficie e contará nun futuro próximo con preto de 2.000.000 de metros cadrados.

Outro sector que destaca especialmente no Concello é o comercio, que atrae compradores de toda a comarca, e estase a consolidar nos últimos anos o turismo de congresos. O atractivo do municipio, punto de encontro entre A Coruña e Compostela, únese a equipamentos culturais de vangarda, como o Fórum Carballo, o Pazo da Cultura ou a Biblioteca Municipal Rego de Balsa.

Por último, cabe destacar que a historia, a natureza e o patrimonio de Carballo propician o desenvolvemento de múltiples actividades. Desde o noso centro poténciase o coñecemento da contorna, a través das actividades propostas na súa programación anual polo equipo da Biblioteca, o EDLG e as múltiples actividades extraescolares propostas polos distintos departamentos.

2.3. A nosa historia

O IES Monte Neme, anteriormente instituto de formación profesional IFP de Carballo, foi sección delegada da Escola de Mestría Industrial Fernando Wirtz e empezou a funcionar como tal no ano 1976. Non ocupaba o centro actual, senón os locais da Cristina, sede posteriormente da Escola Taller de Formación Ocupacional.

O traslado ás instalacións actuais realizouse no comezo do curso académico 1977/78, cando aínda se estaban a facer xestións referentes a servizos básicos (instalación eléctrica, auga, sumidoiros,...).

As especialidades coas que empezou a funcionar o centro eran as de Metal e Administrativo, ás que máis tarde se uniu Electricidade e Electrónica. O primeiro alumno matriculado segundo os arquivos do centro ten data de ingreso do 2 de febreiro.

Durante un tempo tamén foron sección delegadas do IFP de Carballo os centros de IFP de Ponteceso e o desaparecido IFP de Cerceda.

A denominación actual do centro, IES Monte Neme, foi aprobada polo consello escolar no ano 1998. Monte Neme era o monte sagrado dos celtas. Segundo as lendas, as meigas de Bergantiños reuníanse no Monte Neme ou Nemio a noite de San Xoán, onde celebraban unha congregación anual para render contas diante do demo.

Actualmente depende do noso centro a nivel administrativo o IES Fonteboa de Coristanco.

3. Oferta formativa do centro

O IES Monte Neme conta cunha ampla diversidade de alumnado. A oferta educativa inclúe as seguintes ensinanzas de ESO, Bacharelato e Formación Profesional:

- **ESO:** De 1º a 4º da ESO hai dúas liñas por curso escolar. Cóntase con programas específicos de atención a diversidade para esta etapa, de apoio específico ás necesidades educativas do alumnado.
- **Bacharelato:** Impártense dúas modalidades na etapa de Bacharelato:
 - **Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais**
 - Humanidades
 - Ciencias Sociais
 - **Bacharelato de Ciencias**
- **Formación Profesional:** Contamos coa oferta de tres familias de formación profesional: Administración e Xestión, Fabricación Mecánica e Electricidade e Electrónica.

Impártense un total de oito ciclos formativos: dous ciclos formativos de grao profesional básico, catro ciclos de grao medio e dous ciclos de grao superior:

- **Formación Profesional Básica**
 - CB de Electricidade e Electrónica
 - CB de Fabricación e Montaxe
- **Ciclos formativos de grao medio:**
 - CM de Xestión Administrativa
 - CM de Mecanizado
 - CM de Instalacións Eléctricas e Automáticas
 - CM de Instalacións de Telecomunicacións.
- **Ciclos formativos de grao superior**
 - CS de Administracións e Finanzas

- CS de Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos
- CS de Mecatrónica Industrial

4. Descrición do centro, dependencias e instalacións

O IES Monte Neme distribúese en catro bloques de edificacións: o bloque principal (Bloque I) e outros tres edificios (Bloque II, Bloque III e Bloque IV), onde se sitúan as instalacións correspondentes ás ensinanzas de formación profesional.

O centro conta cun pavillón deportivo, onde se imparten as clases de educación física do alumnado da ESO e BACH. O pavillón é utilizado ademais por diferentes asociacións deportivas, ao abeiro do convenio establecido polo centro educativo co concello de Carballo.

Ademais no centro dispónse de cancha de fútbol e baloncesto, e dun aparcadoiro na entrada principal, e outro en fase de construción detrás do bloque de nova construción.

4.1. Edificio principal

O edificio principal conta con tres andares, dedicados a uso docente e administrativo, coas seguintes superficies totais:

Andar	Superficie	Actividade
Baixo		Conserxería, Secretaría, despachos de Dirección, Vicedirección, xefatura de estudos e secretaría, Biblioteca, Aula de Informática I, departamento de orientación, Aula de Convivencia, sala de profesorado, aseos de profesores e profesoras, Despacho Secretaría, Secretaría, Recepción Familias, Departamento FOL, Aulas 01, 02, 03, 04, 05, Zona de Paso, Sala de caldeira e calefacción. Almacén, Almacén Limpeza, Aseo Discapacitados, Salón de Actos, Aula de música, cafetería, cociña.
Primeiro		Laboratorio de Física e Química, Almacén, Despacho, Aula 11, Departamento Lingua Galega e Francés, Departamento Lingua castelá e inglés, Departamento Matemáticas, Aseo masculino, Aseo feminino, Aula 12, Aula 13, Aula 14, Aula 15, Aula 16, Aula 17.
Segundo		Laboratorio Ciencias, Aula 21, Aula 22, Aseo masculino e feminino, Aula 23, Aula 24, Aula 25, Aula 26, Aula 27, Aula 28.
Total Edificio I	3168 m²	

4.2. Bloque II (Electricidade e Electrónica)

O BLOQUE II alberga as instalacións correspondentes aos ciclos formativos da familia profesional de Electricidade e Electrónica. Consta de dous andares, coa seguinte distribución e superficie:

Andar	Superficie	Actividade
Baixo		Aula 35- Taller Electrónica I, Aula 34- Taller Electrónica II, Aula Electricidade I, Aula 32- Aula Electricidade II, Aula 33- Aula Electricidade III, Aseo masculino, Aseo feminino, Aula 31, Almacén Electricidade - Electrónica
Primeiro		Aula 41, Aseo Feminino, Aseo Masculino, Aula 42, Aula Electricidade III, Departamento Electrónica, Aula 44- Electrónica 5, Aula 45- Electrónica 4, Aula 46- Electrónica 3.
Total Edificio I	753 m²	

4.3. Bloque III (Fabricación Mecánica)

Andar	Superficie	Actividade
Baixo		Taller Mecanizado I, Taller Mecanizado II, Taller de Soldadura, Taller de Electricidade I, Taller de FP Básica 1º, Taller de FP Básica 2º, Almacéns, aseos, Departamento de Fabricación Mecánica.
Primeiro		Aula 1, Aula 2, Aula 3, Aula 4
Total Edificio I	902 m²	

4.4. Bloque IV (Administración e Xestión)

O Bloque IV alberga a familia Profesional Administración e Xestión. Trátase dun edificio de recente construción que conta con catro aulas, aseos, departamento de administrativo e salas de instalacións (cadros eléctricos, caldeira e rede).

Andar	Superficie	Actividade
Baixo	520 m ²	Aula 1, Aula 2, Aula 3, Aula 4, aseos masculinos e femininos, Departamento de Administración e Xestión, salas de instalacións (cadros eléctricos e rede), sala de caldeira, cuarto de limpeza.

4.5. Pavillón Deportivo

O edificio do pavillón deportivo conta coas seguintes instalacións: unha pista deportiva, unha aula de teoría, vestiarios femininos e masculinos e un almacén.

Andar	Superficie	Actividade
Baixo	1482 m ²	Pista deportiva, aula de educación física, sala de caldeira, aseo discapacitados, vestiarios feminino e masculino, almacéns 1 e 2.

5. Características xerais

5.1. Alumnado

O alumnado de referencia do noso centro educativo para cursar a ESO vén dos centros adscritos CEIP A Cristina en Carballo e o CEIP Gándara-Sofán en Sofán.

Ademais, cóntase con alumnado doutros centros de Carballo, sobre todo, o CEIP Bergantiños por proximidade co noso centro, o CEIP Xesús San Luís Romero e o CEIP O Fogar. En ocasións recíbese alumnado da zona de Coristanco, do EFAG Fonteboa ou o CPI Alcalde Xosé Pichel, entre outros.

No resto das etapas, ademais do alumnado propio que continúa a cursar ciclos formativos, cóntase con alumnado procedente doutros centros de Carballo ou doutras localidades.

Detéctase ademais un incremento no número de persoas adultas que están a cursar estudos de formación profesional e accións formativas para persoas desempregadas.

Nos últimos cursos o total de alumnado varía entre os 550 e 575 alumnos e alumnas, distribuídos en 28-30 unidades.

5.2. Profesorado

O IES Monte Neme conta cun total de 66 docentes. Cabe destacar a diversidade de profesorado do centro. Cóntase cunha mestra de primaria no dous primeiros cursos da ESO, especialistas de pedagogía terapéutica, profesorado de educación secundaria e profesorado de formación profesional.



5.3. ANPA e familias

En xeral detéctase interese das familias por colaborar co centro e interese pola formación dos seus fillos e fillas. Cóntase coa participación de familias dende o Consello Escolar e a Asociación de nais e pais de alumnado (ANPA).

Nalgún casos establécese a colaboración entre as familias e outros servizos, para dar resposta ás necesidades do alumnado.

5.4. Persoal non docentes

Como Persoal de Administración e Servizos cóntase con dúas persoas na conserxería, dúas persoas ocupando o cargo de auxiliar administrativo e catro persoas como persoal de limpeza.

5.5. Servizos complementarios

O IES Monte Neme dispón de servizo de comedor escolar os luns, en horario de 14.10 a 16.00 h, dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, con 47 prazas autorizadas, de xestión indirecta, xestionado pola empresa concesionaria adjudicataria do servizo de comedor escolar en cada curso.

O centro dispón tamén de servizo de transporte escolar, con cinco liñas, para o alumnado do centro que cumpra os requisitos esixidos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5.6. Estado das relacións e análise da participación na vida do centro

As relacións e a participación na vida do centro considéranse positivas. Aínda que hai tempos e espazos fixos para a relación e participación da comunidade educativa, cóntase con outros non fixos que se crean de xeito natural segundo van xurdindo as necesidades.

Neste caso, a colaboración é case sempre aceptada e búscanse as formas de organizarse para o seu máximo aproveitamento.

6. Detección de puntos fortes e propostas de mellora

Para a redacción do proxecto educativo do centro pártese dunha análise dos puntos fortes e oportunidades de mellora. Entendemos que o IES Monte

Neme é un centro educativo cunha boa consideración no contorno provincial e autonómico e cuns sinais de identidade claramente arraigados no concello de Carballo.

Puntos fortes:

Como puntos fortes do centro, que seguiremos a potenciar, destácanse os seguintes:

- a) A alta implicación e motivación do profesorado no desenvolvemento das actividades do centro e a boa relación, que favorece o traballo en equipo e a proposta de iniciativas.
- b) O plan de convivencia do centro, eixo central para a solución dos problemas de convivencia do instituto que, tendo en conta a grande diversidade de alumnado, contempla a educación para a convivencia nun amplo sentido, coa mediación escolar e a prevención do maltrato como ferramentas fundamentais.
- c) A atención preferente á diversidade, que se manifesta no plano da atención ao alumnado con NEAE.
- d) O deseño dun programa de Actividades Extraescolares e Complementarias diverso, relacionado cos currículos das distintas ensinanzas, que propician a igualdade de xénero, e con repercusión real no proceso de aprendizaxe (numerosas saídas e excursións de temática variada, concertos, charlas, visitas a empresas,...)
- e) O traballo en equipo por parte do profesorado, que favorece o desenvolvemento continuo de Proxectos de Innovación Educativa que nos sitúan nunha certa vangarda, e nos que se implica unha alta porcentaxe do claustro. Como exemplo, entre outros, indícanse os seguintes:
 - O traballo que desenvolve o Equipo da Biblioteca, que involucra a toda a comunidade a través da realización de múltiples actividades (clubs de lectura, obras de teatro, exposicións, mantemento de blogs,...).
 - O labor do equipo TIC, que fomenta a actualización continua no uso das TIC, o mantemento e actualización de equipos informáticos, a actualización da web e o mantemento da infraestrutura e rede do centro.
 - A participación do profesorado en grupos de traballo e plan de formación permanente do profesorado.
 - A participación do alumnado en proxectos de inmersión lingüística.

- A participación do centro en programas europeos no marco do programa Erasmus+
- Os premios a diferentes proxectos de innovación educativa desenvolvidos no centro nos últimos cursos.

f) O bo clima de relación coa ANPA, o Concello, os centros de Primaria da bisbarra, e outras entidades e organizacións.

Por outra banda, os obxectivos propostos neste proxecto educativo de centro terán en conta os retos que se deben afrontar, xurdidos da análise e detección de oportunidades de mellora no centro que se indican a continuación.

- a) A necesidade de contar cun cadro de persoal de profesorado estable, e cun número suficiente, que permita acadar os obxectivos propostos.
- b) O afianzamento da implicación das familias no desenvolvemento cotiá da vida escolar e o logro da concienciación no contorno social e mesmo individual do alumnado da importancia da educación e formación académica.
- c) A revisión e actualización dos documentos de centro, adaptados á nova lexislación.
- d) O mantemento actualizado da páxina web do centro como medio de comunicación de todos os membros da comunidade educativa.
- e) A dotación suficiente e xestión de recursos económicos tendo en conta a antigüidade das instalacións, que provocan un incremento no número de avarías nos últimos tempos.
- f) A mellora da eficiencia enerxética do centro.
- g) As oportunidades de mellora que comunique a Inspección Educativa como resultado da Avaliación de Departamentos que se realiza periodicamente no centro.

7. Principios, valores e sinais de identidade

Neste apartado procuramos definir as nosas expectativas e sinais de identidade como comunidade escolar. Recollemos un resumo da realidade actual do centro, detectando as súas fortalezas e retos de futuro.

Procuraremos en todo momento facer partícipes ás familias, alumnado e outros membros da comunidade educativa para que fagan achegas do que consideran deben ser os principios do centro educativo.

Como principios xerais nos que se basean os sinais de identidade do noso centro e a nosa proposta pedagóxica destacamos:

a) **Equidade**

Valorando a singularidade de cada persoa, pretendemos asegurar a igualdade de oportunidades e o apoio específico necesario.

b) **Inclusión e respecto ao alumnado:**

Tratarase a todos os alumnos e alumnas como persoas libres, sexa cal sexa a súa condición, axudando a desenvolver ao máximo as súas capacidades e autonomía persoal.

c) **Convivencia**

Guiaranse todas as actuacións dende o respecto aos dereitos humanos e o principio de convivencia democrática.

d) **Liberdade, responsabilidade, xustiza e exercicio dunha cidadanía crítica**

Procuramos un centro que poña en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, responsabilidade, solidariedade, igualdade e xustiza, e que prepare ao alumnado para o exercicio dunha cidadanía crítica e responsable, integrado e comprometido co seu contorno cultural e social.

e) **Pluralidade e participación**

Queremos un centro plural, que acolla a todas as persoas e fomente a colaboración entre as familias, alumnado, profesorado e demais traballadores, e se implique co contorno e conxunto da sociedade.

f) **Coeducación**

Impulsaranse as relacións igualitarias, educando no rexeitamento a toda forma de discriminación e violencia de xénero.

g) **Normalización lingüística e plurilingüismo**

Promovemos a normalización do uso da lingua galega e apostamos pola aprendizaxe doutras linguas.

h) **Interculturalidade**

Entenderase a interculturalidade como estratexia para coñecer, respectar e aprender a vivir con outras culturas.

i) **Competencia profesional docente**

Apostamos pola mellora continua e a formación do profesorado, que garantan o desenvolvemento de competencias básicas por parte de todo o alumnado.

j) Orientación académica e profesional

Contamos cun departamento de orientación que apoia ao alumnado no seu plan de desenvolvemento persoal ao longo de todas as etapas educativas, de cara á súa inserción laboral.

Ademais, como principios específicos relacionados coa oferta de formación profesional, a nosa proposta metodolóxica basease nos seguintes eixes:

a) Formación axustada ás necesidades de mercado

O obxecto da formación impartida é facilitar unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo, que atenda aos requirimentos de competitividade das empresas, á vez que satisfaga as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento das persoas, capacitándoas para o acceso ao emprego.

b) Mellora da empregabilidade

Buscamos a mellora da inserción laboral do alumnado, a través de bolsas de emprego e convenios con empresas.

c) Compromiso co desenvolvemento comarcal

O compromiso do IES Monte Neme co desenvolvemento comarcal, pasa por achegar os nosos coñecementos e o noso capital humano para adaptar os coñecementos dos traballadores e traballadoras ao novo mercado laboral e así conseguir un incremento da competitividade, a empregabilidade e a inserción laboral.

d) Innovación

Co fin de mellorar as competencias profesionais do noso alumnado, participamos en programas e proxectos de innovación educativa.

e) Emprendemento

Dotamos ao noso alumnado das capacidades profesionais de busca de recursos e emprendemento, para que poidan iniciar proxectos e desenvolver iniciativas, co obxectivo de xerar oportunidades laborais a través de novas ideas.

f) Participación en programas internacionais

Os procesos de ensinanza e aprendizaxe no IES Monte Neme incorporan unha dimensión internacional e intercultural, realizándose mobilidades de profesorado e alumnado a diferentes países da Unión Europea nos últimos cursos.

8. Obxectivos Xerais e liñas de actuación

Os obxectivos propostos para o centro cumprirán as seguintes características:

- Serán específicos e concretos. Levarán accións asociadas e permitirán unha única interpretación.
- Serán medibles e comprobables. Poderán avaliarse nun prazo de tempo concreto, de forma que permitan coñecer en tempo se se están executando de forma correcta.
- Serán alcanzables, e razoablemente ambiciosos, procurando non fixar retos inalcanzables no tempo e nos recursos.
- Seguindo as indicacións anteriores establécense os seguintes obxectivos xerais para o IES Monte Neme:

OBXECTIVOS XERAIS

1. Proporcionar unha educación inclusiva de calidade, acadando o máximo desenvolvemento posible das capacidades do alumnado.
2. Mellorar as instalacións e recursos de centro, garantindo o cumprimento das normas básicas de seguridade.
3. Manter actualizada e difundir a documentación do centro, promovendo a participación dos órganos colexiados.
4. Fomentar unha educación e formación para a igualdade, atendendo ao decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
5. Integrar a competencia dixital e impulsar o uso das TIC na comunidade educativa.
6. Integrar a competencia lectora e fomentar o uso da biblioteca na comunidade educativa.
7. Potenciar a orientación persoal, académica e profesional.
8. Promover a formación permanente do profesorado e a participación en proxectos de innovación educativa.
9. Favorecer o plurilingüismo e a participación en programas internacionais.
10. Potenciar o emprendemento e mellorar a empregabilidade e inserción profesional do alumnado.
11. Dar difusión á oferta educativa e ás actividades do centro.

Os obxectivos xerais tómanse como guía cada curso académico para a redacción da Programación Xeral Anual, na que se concretarán os obxectivos xerais anuais, definindo as liñas de actuación asociadas a cada un dos obxectivos xerais.

Para cada unha das liñas de actuacións asociadas a cada obxectivo, na Programación Xeral Anual identificarase aos responsables da súa consecución, as actuacións e medidas a desenvolver, os recursos dispoñibles, a temporalización en cada caso, e os indicadores que permitan avaliar os resultados.

9. Obxectivos xerais das diferentes etapas educativas

9.1. Finalidade e obxectivos xerais da ESO

O DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no Artigo 4 a finalidade da educación secundaria e no Artigo 7 os obxectivos xerais de dita etapa.

Artigo 4. Finalidade

A finalidade da educación secundaria obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo; así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral; e formalos para o exercicio dos seus dereitos e das obrigas da vida como cidadás e cidadáns.

Artigo 7. Obxectivos da etapa

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha



realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

9.2. Finalidade e obxectivos xerais do Bacharelato

O DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece no artigo 4 do título I a finalidade do bacharelato, e no artigo 7 do título II os

Artigo 4. Fins

O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

Artigo 26. Obxectivos

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.
- i) Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- j) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- k) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos.
- l) Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

9.3. Obxectivos xerais dos ciclos formativos

A Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, define a FP como un conxunto articulado e compacto que identifica as competencias básicas profesionais do mercado laboral, asegura as ofertas de formación idóneas, posibilita a adquisición da correspondente formación ou, no seu caso, o seu recoñecemento, e pon a disposición da poboación un servizo de orientación e acompañamento profesional que permita o deseño de itinerarios formativos individuais e colectivos.

Os títulos de Formación Profesional estarán referidos ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, e os ciclos de Formación Profesional que conducen a súa obtención son os seguintes: ciclos de formación profesional básica, ciclos formativos de grao medio e ciclos formativos de grao superior.

A Formación Profesional no sistema educativo contribuirá a que o alumnado consiga os resultados de aprendizaxe que lle permitan:

a) Desenvolver as competencias propias de cada título profesional.

b) Comprender a organización e características do sector produtivo correspondente, así como os mecanismos de inserción profesional.

c) Coñecer a lexislación laboral e os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais.

- d) Aprender por si mesmos a traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na resolución pacífica dos mesmos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, con especial atención á prevención da violencia de xénero.
- e) Fomentar a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, así como das persoas con discapacidade, para acceder a unha formación que permita todo tipo de opcións profesionais e exercicio das mesmas.
- f) Traballar en condicións de seguridade e saúde, así como prever os posibles riscos derivados do traballo.
- g) Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuros aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e o cambio social.
- h) Afianzar o espírito emprendedor para o desempeño de actividades e iniciativas empresariais.
- i) Preparar ao alumnado para a súa progresión no sistema educativo.
- j) Coñecer e prever os riscos medioambientais.

Os ciclos de Formación Profesional Básica contribuirán, ademais, a que o alumnado adquira ou complete as competencias de aprendizaxe permanente.

Os ciclos formativos de grao medio contribuirán a ampliar as competencias da ensinanza básica adaptándoas a un campo ou sector profesional que permita ao alumnado a aprendizaxe ao longo da vida, a progresar no sistema educativo, e a incorporarse na vida activa con responsabilidade e autonomía.

10. Concreción curricular: aspectos xerais para a elaboración das programacións

O profesorado dos centros docentes, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos ou, de ser o caso, do profesorado titor ou coordinador de ciclo, desenvolverá o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada área, materia ou ámbito de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.

As programacións didácticas de ESO e Bacharelato deberán respectar o ditado nos artigos 20, 21 e 22 da resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan

instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24

Respectarase o regulado na *Orde do 4 de xuño de 2012* en relación ás reunións dos Departamentos. As reunións dos departamentos realizaranse como mínimo unha vez ao mes, previa convocatoria da xefatura de departamento.

Nas programacións didácticas deben concretarse os criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado e especificar de xeito claro:

- A ponderación dos distintos aspectos avaliábeis e os instrumentos para a súa valoración.
- Procedementos e instrumentos para a realización da avaliación inicial, avaliación ordinaria, avaliación extraordinaria e avaliación do alumnado con materias pendentes.
- A cualificación de cada pregunta nas probas escritas de avaliación.

A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento, incluíndo en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.
- d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.

- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación ou criterios de valoración, no caso de educación infantil.
- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, no caso da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Deberase utilizar para a elaboración e o seguimento das ditas programacións a aplicación informática de programacións a que se refire o *artigo 22 da resolución de 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24*. A dita aplicación informática tamén será utilizada para a entrega, a supervisión e a comprobación por parte das xefaturas de departamento ou, de ser o caso, do profesorado titor ou coordinador de ciclo, así como por parte das direccións destes centros e da Inspección educativa.

As programacións dos módulos dos ciclos formativos faranse seguindo a aplicación informática para a elaboración e seguimento de programacións.

11. Criterios xerais sobre avaliación e promoción do alumnado

Na aplicación dos criterios de promoción e titulación do alumnado de ESO e bacharelato é preciso axustarse ao establecido na normativa educativa vixente, podendo concretarse a través da CCP ditos criterios, sen contradicir o xa regulado.

11.1. Avaliación e promoción na ESO

Capítulo IV do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 24. Avaliación

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.
3. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.
4. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido,

o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

5. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos anexos II e III.
6. Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
7. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

Artigo 25. Promoción

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o

equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
 - c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
 - d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste artigo e no seguinte.

4. O establecido no punto anterior deste artigo será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular a que se refire o artigo 22, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.
5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas

ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

6. A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específico personalizado a que se refiren os puntos anteriores realizarase de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación.
7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1.
8. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

11.2. Porcentaxe de contribución de cada materia ás competencias en 4º ESO

Segundo acordo acadado na reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Monte Neme do 12 de marzo de 2024, para a valoración do grao de logro das competencias clave aplicaranse as ponderacións calculadas pola aplicación PROENS

11.3. Titulación na ESO

Capítulo IV do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 26. Título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída (segundo acordo de CCP de 12 de marzo de 2024).
 - c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. Para estes efectos, nos criterios de

titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.
4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída
5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido neste decreto e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.
6. De conformidade co establecido no artigo 25.7 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, a superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

11.4. Matrícula de honra en 4º da ESO

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Artigo 12. Matrícula de honra

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A

devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.
3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

En cumprimento desta norma, en CCP celebrada o 24 de febreiro de 2022 acordáronse os seguintes criterios para a distribución de matrículas de honra:

1. En primeiro lugar, o alumno ou alumna que obteña maior nota media en 4º ESO.
2. En caso de empate, ordenarase ao alumnado tendo en conta a seguinte orde:
 - a) Maior nota media no conxunto da ESO.
 - b) Maior nota media en 3ºESO.
 - c) Maior nota media en 2ºESO.
 - d) Maior nota media en 1ªESO.
 - e) Sorteo público.

11.5. Avaliación e promoción no Bacharelato

1º de Bacharelato

DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 22. Avaliación

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II.

2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
3. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias clave correspondentes.
4. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que determine a consellería con competencias en materia de educación.
5. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Artigo 23. Promoción

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.
2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.
3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros docentes organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes no marco organizativo que estableza a consellería con competencias en materia de educación e tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.
5. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso teñan avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursaren de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tiverse superado previamente.
7. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que unha alumna ou un alumno que cursase o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade ou vía poida pasar ao segundo curso nunha modalidade ou vía distinta, así como o cambio de materias.

2º de Bacharelato

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Artigo 13. Avaliación

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
3. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.
4. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.
5. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.
6. No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias. No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.

7. Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase non presentado/a (NP).
8. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.
9. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

11.6. Titulación no Bacharelato

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Artigo 15. Título de bacharel

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.
2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.
3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
 - a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título. Segundo acordo en CCP de 12 de marzo de 2024 considerarase que este punto se cumpre cando se acade un aprobado en tódalas competencias (aplicando as porcentaxes acordadas en dita CCP, e redondeando ao enteiro máis próximo, tendo en conta os dous cursos de bacharelato)

- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
 - c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
 - d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.
4. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.
5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

11.7. Matrícula de honra en 2º de BAC

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Artigo 18. Matrícula de honra.

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.
3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

En cumprimento desta norma, en CCP celebrada o 24 de febreiro de 2022 acordáronse os seguintes criterios para a distribución de matrículas de honra:

- En primeiro lugar, o alumno ou alumna que obteña maior nota no bacharelato
- En caso de empate, ordenarase ao alumnado tendo en conta a seguinte orde:
 - Maior nota en 2º BAC
 - Maior nota en 1º BAC
 - Sorteo público

11.8. Avaliación e titulación en ciclos formativos de grao medio e superior

ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Sección 2.ª Avaliacións parciais e finais no réxime ordinario

Artigo 29. Avaliacións parciais de módulos do primeiro curso.

1. A acta de avaliación parcial de módulos de primeiro curso axustarase ao modelo do anexo VII desta orde.
2. Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos do primeiro curso deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.
3. Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño

das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos de primeiro curso. Non obstante, nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial.

Artigo 30. *Avaliación final de módulos do primeiro curso.*

1. A sesión de avaliación final de módulos do primeiro curso corresponderase sempre co remate do período formativo dos módulos no centro educativo.
2. Na sesión de avaliación final de módulos de primeiro curso, o equipo docente tomará as decisións sobre promoción do alumnado ao seguinte curso.

No suposto de que pase de curso con módulos pendentes, o alumnado deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial prevista no artigo 31.3 desta orde. Nestes módulos pendentes de primeiro curso non será de aplicación a perda do dereito á avaliación continua a que se refire o artigo 25.3 desta orde.

O informe de avaliación individualizado a que se refire o artigo 39 desta orde conterá a información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados polos alumnos e as alumnas, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe.

3. A acta de avaliación final de módulos de primeiro axustarase ao modelo do anexo I desta orde.
4. No caso de ciclos formativos cunha duración inferior a 2.000 horas, a avaliación final de módulos de primeiro curso condicionará o acceso á FCT.

Artigo 31. *Avaliacións parciais de módulos do segundo curso.*

1. As sesións de avaliación parcial de módulos do segundo curso só se realizarán para os ciclos formativos de 2.000 horas de duración.
2. A acta de avaliación parcial de módulos de segundo curso, previa á realización da FCT no período ordinario, axustarase ao modelo do anexo VIII desta orde. En caso de existir avaliacións parciais anteriores no segundo curso, axustaranse ao modelo do anexo VII.

3. Na sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario, o equipo docente tomará as decisións de acceso do alumnado a esta, conforme os seguintes criterios:

- a) Superación de todos os módulos de segundo curso.
- b) De ser o caso, superación dos módulos de primeiro curso pendentes.

En calquera caso, a cualificación final dos módulos de segundo curso e módulos pendentes de primeiro farase efectiva na sesión de avaliación final de módulos do segundo curso. Non obstante, nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na avaliación parcial previa á realización da FCT.

4. O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso, poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignaralle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

O informe de avaliación individualizado ao que se refire o artigo 39 desta orde conterá a información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados polos alumnos e as alumnas, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe.

Artigo 32. Avaliación final de módulos do segundo curso.

1. A sesión de avaliación final de módulos do segundo curso realizarase logo de rematado o período ordinario de realización da FCT e o módulo de proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior. Para estes efectos, entenderase que o módulo de FCT é un módulo de segundo curso, de acordo co establecido nos currículos correspondentes a cada ciclo formativo.
2. Na sesión de avaliación final de módulos de segundo curso, o equipo docente:
 - a) Realizará a proposta de título para o alumnado que obtivese cualificación positiva nos módulos de FCT e no módulo de proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior.
 - b) Proporalle a realización da FCT ao alumnado que recuperase os módulos pendentes de primeiro e segundo curso durante o período ordinario de realización da FCT. Este alumnado deberá formalizar

unha nova matrícula para cursar o módulo de FCT e o módulo de proxecto no caso de ciclos formativos de grao superior.

3. A acta de avaliación final de módulos de segundo axustarase ao modelo do anexo II desta orde.

Artigo 33. *Avaliación final extraordinaria de módulos do segundo curso.*

1. O alumnado que, logo da avaliación final de módulos do segundo curso teña pendente exclusivamente a FCT e/ou o módulo de proxecto, poderá realizalos en calquera dos períodos establecidos na súa normativa reguladora. Ao remate de cada un destes períodos realizarase unha avaliación final extraordinaria de módulos de segundo curso, en que se avaliará unicamente o módulo de FCT e o módulo de proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior, e realizarase, de ser o caso, a proposta de título correspondente.
2. A acta de avaliación final extraordinaria de módulos de segundo axustarase ao modelo do anexo III desta orde.

Sección 3.^a *Avaliacións parciais e finais no réxime para as persoas adultas*
Artigo 34. *Avaliacións parciais de módulos.*

1. A acta de avaliación parcial de módulos axustarase ao modelo do anexo IX desta orde.
2. Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.
3. Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos. Non obstante, nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial.

Artigo 35. *Avaliación final de módulos.*

1. A sesión de avaliación final de módulos corresponderase sempre co remate do período formativo dos módulos no centro educativo.
2. Na sesión de avaliación final de módulos, o equipo docente proporalle a realización da FCT ao alumnado que superase todos os

módulos profesionais de formación no centro educativo do ciclo formativo, agás o módulo de proxecto no caso de ciclos formativos de grao superior. Este alumnado deberá formalizar unha nova matrícula para cursar o módulo de FCT e o módulo de proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior.

3. A acta de avaliación final de módulos axustarase ao modelo do anexo IV desta orde.
4. Na sesión de avaliación final de módulos, o equipo docente avaliará, para o alumnado que teña módulos suspensos, de ser o caso, as unidades formativas de menor duración nas cales se organizan os módulos segundo se establece no currículo correspondente. Neste caso, a acta de avaliación final de unidades formativas axustarase ao modelo do anexo V desta orde.

Artigo 36. *Avaliación final extraordinaria de módulos.*

1. O alumnado que, logo da avaliación final de módulos, teña pendente exclusivamente a FCT e/ou o módulo de proxecto poderá realizalos en calquera dos períodos establecidos na súa normativa reguladora. Ao remate de cada un destes períodos realizarase unha avaliación final extraordinaria de módulos, en que se avaliará unicamente o módulo de FCT e o módulo de proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior, e realizarase, de ser o caso, a proposta de título correspondente.
2. A acta de avaliación final extraordinaria de módulos axustarase ao modelo do anexo VI desta orde.

Sección 4.^a *Avaliación das probas libres*

Artigo 37. *Avaliación das probas Libres de módulos.*

1. As probas libres de técnico e técnico superior realizaranse de xeito diferenciado por módulos profesionais e tomarán como referencia os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación dos currículos dos ciclos formativos vixentes, e avaliaranse de acordo co disposto no punto 1 do artigo 26 desta orde.
2. O modelo de acta axustarase ao modelo do anexo IV desta orde, coa indicación expresa de «Proba libre».

11.9. Matrícula de honra en ciclos formativos

Consonte o establecido no artigo 26.4 da *Orde do 12 de xullo de 2011*, os alumnos e as alumnas que obteñan unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna.

O número de matrículas de honra que se poderán conceder en cada centro por cada grupo de alumnado matriculado con opción a titular nun determinado ciclo formativo en cada curso académico será como máximo de dúas, ou de ser o caso, como indique a normativa vixente.

Non obstante, no caso de que o número de alumnado matriculado con opción a titular no ciclo formativo no curso académico correspondente sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

En cada curso académico seguirase o indicado nas instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional.

Para estes efectos, e dado que o alumnado pode titular en diferentes períodos do curso académico, a mención de matrícula de honra só se poderá realizar no mes de xuño logo de realizada a avaliación final de módulos correspondente. No caso de que o alumnado beneficiario rematase o ciclo formativo noutro mes do curso, a mención de matrícula de honra será consignada cunha dilixencia nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

11.10. Proceso de reclamación de cualificacións

O proceso formal de reclamación de cualificacións corresponde a cualificacións finais e deberá axustarse ao contemplado na normativa vixente.

Toda esta información, relativa aos procedementos de reclamación, atópase publicada na páxina web do centro educativo, no apartado de "Información".

12. Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF)

As normas de organización e funcionamento considéranse un medio para educar na liberdade e na responsabilidade para mellorar a convivencia e as relacións, garantindo a adquisición dunha madurez formativa que lle permita ao alumnado incorporarse e participar activamente na vida social e cultural, aportando elementos positivos.

A información debe ser o punto de referencia básico e indispensable para que toda a comunidade escolar coñeza e sexa consciente dos seus dereitos e deberes.

Todos temos que ter unhas referencias claras para que, baixo o principio do respecto mutuo, vexamos as normas de convivencia como unha forma regulada para a adquisición de hábitos positivos de estudo, orde, limpeza, trato, conservación de infraestruturas, medios e recursos didácticos, procurando crear un ambiente adecuado e favorable.

Os fins das normas de organización e funcionamento serán:

1. Precisar de forma clara os dereitos e deberes dos membros da Comunidade Escolar e establecer as normas de convivencia no Centro.
2. Dotar ao centro de marcos de referencia para a súa organización e funcionamento.
3. Estructurar, definir e repartir responsabilidades.
4. Establecer e desenvolver os mecanismos de participación de todos os membros da comunidade educativa

As normas de organización e funcionamento afectan a todos os membros da comunidade educativa, tanto no interior do recinto escolar como en calquera outro lugar no que se desenvolvan actividades complementarias ou extraescolares, así como no servizo de transporte e comedor escolar. Igualmente afectarán ao alumnado no exterior do recinto, sempre que os actos alí producidos teñan relación co centro e poidan repercutir na súa vida interna.

As Normas de Organización e Funcionamento do IES Monte Neme achéganse como

“Anexo I: Normas de Organización e Funcionamento”.

13. Plan de Convivencia

Entendemos o Plan de Convivencia do noso centro como un documento de traballo práctico e realista, que debe contar coa delimitación dos obxectivos e contidos propios de convivencia, tendo en conta a diversidade do noso alumnado e as características da nosa comunidade educativa.

As normas de convivencia que se concretan no noso plan serán establecidas segundo a lexislación educativa vixente, destacando a *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*.

No artigo 10, desta lei, fai referencia ao Plan de convivencia e as normas de convivencia. Ademais, do artigo 11, do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar* que establece no punto 1 o seguinte:

"O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica".

E no punto 5 deste decreto concreta que:

"A elaboración do plan de convivencia suporá a análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro e, de ser o caso, a súa actualización conforme ao establecido neste decreto.

Estes documentos son: a) O proxecto educativo do centro; b) A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada; c) O plan xeral de atención á diversidade e o plan de acción tutorial; d) As normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garantan o cumprimento do plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado; e) A programación xeral anual".

Por último, indicar que para o deseño e posta en marcha do Plan de Convivencia, ademais da normativa vixente, analizáronse as necesidades do noso centro, tendo en conta que ademais das ensinanzas de ESO e Bacharelato, destacamos a peculiaridade de ter a maior oferta educativa de formación profesional e, en concreto, a única oferta de Formación Profesional Básica na comarca.

Con esta gran diversidade de alumnado precisamos concienciarnos da necesidade de levar a cabo un plan de convivencia que analice en profundidade as situacións de conflito, estableza pautas de actuacións concretas para o regulamento das normas de convivencia e permita a resolución dos mesmos, co fin de crear un clima de centro positivo e de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.

O Plan de Convivencia do IES Monte Neme achégase como **“Anexo II: Plan de Convivencia”**.

14. Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)

O Plan xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio*, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

A *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio*, de educación, no capítulo I do título preliminar establece os principios e fins do sistema educativo, destacando a calidade da educación para todo o alumnado, a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación, a concepción da educación ao longo de toda a vida, a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, a orientación educativa e profesional do alumnado, o esforzo compartido por alumnado, nais, pais ou titores e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade, e a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares. Mediante eses principios trátase de conseguir o éxito escolar de todo o alumnado.

O *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia* nos que se imparten as ensinanzas establecidas na *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio*, de educación no seu Artigo 3, establece o concepto de atención á diversidade e os principios xerais de actuación.

Atendendo a estes principios, a administración educativa debe dar resposta á atención á diversidade.

No marco deste decreto, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas

no Plan Xeral de Atención á Diversidade do noso centro e nas concrecións anuais de dito plan.

Priorizaranse as medidas de atención á diversidade na etapa da ESO. No *Decreto*

86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 7, sobre alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, indícase que estas medidas se aplicarán para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, establecéndose as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

No IES Monte Neme procuraremos que a identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación.

O Plan de Convivencia do IES Monte Neme e os seus correspondentes anexos achégase como "**Anexo III: Plan Xeral de Atención á Diversidade**".

15. Plan de Acción Titorial (PAT)

A orientación e titoría forman parte da función docente, isto é, todo o profesorado está implicado na acción titorial. A tarefa educativa, é dicir, a responsabilidade de axudar ao alumnado será asumida por todo o equipo educativo, e o desenvolvemento do PAT debe ser un obxectivo esencial do Centro.

O artigo 121.2 da LOE sobre o Proxecto educativo establece que "...deberá ter en conta as características do contorno social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción titorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio

de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta Lei e na *Lei Orgánica*

8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación”.

Na figura do titor ou titora de cada grupo, a acción titorial intensifícase ou especialízase máis, séndolle adxudicadas algunhas tarefas específica: coordinación co equipo educativo, coordinación co departamento de orientación, recollida de datos e información sobre o alumnado e coordinación da acción titorial.

O artigo 91.1 da LOE establece entre as funcións do profesorado:

“c) A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.

d) A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados”

O PAT ten como finalidade axudar aos titores e titoras e ao resto de profesorado na organización, desenvolvemento e avaliación das titorías, establecendo prioridades en función do seu coñecemento do grupo e as necesidades do alumnado que o compón.

O Plan de Acción Titorial do IES Monte Neme achégase como **“Anexo IV: Plan de Acción Titorial”**.

16. Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP)

O plan orientación académico e profesional, xunto co plan de acción titorial, é un documento fundamental de traballo que permite a planificación da orientación e titoría.

Enténdese este plan como o marco no que se especifican os criterios de organización e as liñas prioritarias de funcionamento da orientación e titoría no centro educativo. A titoría e a orientación educativa e profesional terán unha especial consideración no establecemento dos criterios pedagóxicos do centro.

A finalidade do plan de orientación xunto con plan de acción titorial é axudar aos titores e titoras as e ao resto de profesorado na organización, desenvolvemento e avaliación das titorías, establecendo prioridades en función do seu coñecemento do grupo e as necesidades do alumnado que o compón. Debido á relevancia do papel desempeñado por esta figura, é importante que o nomeamento de titores e titoras as se axuste a

uns mínimos criterios psicopedagóxicos, onde o titor ou titora asuma o seu rol con responsabilidade.

O Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP) do IES Monte Neme achégase como **“Anexo V: Plan de Orientación Académica e Profesional”**.

17. Proxecto lingüístico de centro (PLC)

O centro educativo é un dos primeiros espazos onde o individuo se forma en todo tipo de aprendizaxes e materias entre as que cobran especial relevancia as linguas. Desde as etapas máis temperás o alumnado irá adquirindo unha maior competencia lingüística e mellorando as destezas comunicativas que lle serán fundamentais para o seu desenvolvemento integral, tanto dende o punto de vista académico como persoal. O sistema educativo deberá garantir, logo, o dominio das linguas oficiais de Galicia, galego e castelán, e favorecer o coñecemento de linguas estranxeiras, tan necesario na sociedade multicultural e globalizada en que vivimos.

Os centros escolares concretarán a súa planificación lingüística no PLC (Proxecto Lingüístico de Centro) axustándose ao descrito no *Decreto 79/2010*. Neste documento especificaranse, entre outros datos, a distribución lingüística curricular, as medidas de apoio e reforzo para mellorar a competencia lingüística do alumnado e as actuacións encamiñadas a dinamizar o uso da lingua galega.

O Proxecto Lingüístico de centro do IES Monte Neme achégase como **“Anexo VI: Proxecto Lingüístico de centro”**.

18. Proxecto lector de centro (PLC)

O Proxecto Lector de Centro do IES Monte Neme achégase como **“Anexo VII: Proxecto Lector de centro”**.

19. Plan de Integración das TIC

O Plan de Integración das TIC do IES Monte Neme achégase como **“Anexo VIII: Plan de Integración das TIC”**.

20. Colaboración co Concello, Servizos Sociais e outras asociacións e entidades

Entendemos que o centro educativo debe estar integrado no contorno xeográfico e social no que se sitúa, debendo ser esta tarefa coordinada e impulsada polo equipo directivo do mesmo.

Nesta liña podemos sinalar algunhas das actuacións que se veñen levando a cabo no IES Monte Neme:

- Coordinación entre o instituto e os colexios de educación primaria adscritos e outros centros de primaria e secundaria da contorna, para facilitar e axilizar os procedementos de preinscrición e matrícula e unificar pautas básicas do proceso de ensinanza aprendizaxe.
- Relación con outros centros educativos da contorna, para ofrecer información sobre a oferta educativa do instituto (ESO, Bacharelato e Formación Profesional).
- Potenciación da formación do alumnado de formación profesional, a través da colaboración co ámbito empresarial, a través de diversas actuacións, entre as que destacamos:
 - Realización de prácticas de alumnado en empresas, a través do módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) por parte dos alumnos, en coordinación permanente entre os coordinadores de FCT e os responsables de prácticas das empresas.
 - Mantemento dunha bolsa de traballo por parte do departamento de Formación en Centro de Traballo, que facilite un contacto continuado coas empresas da contorna e a recepción no centro de ofertas de emprego, a través de un formulario, e a colocación dos alumnos unha vez finalizados os seus estudos.
- Colaboración cos centros de formación e recursos do profesorado (CFR) e CAFI para promover a actualización formativa do profesorado e a renovación pedagóxica, apostando pola formación a través de grupos de traballo, seminarios permanentes, programas de formación do profesorado en centros (PFPP), programas de formación de profesorado de formación profesional (PFFP), etc...
- Participación do centro noutras actividades de formación organizadas pola Consellería de Educación: xornadas, mostras, feiras e encontros específicos de FP, programas educativos e

convocatorias específicas da Consellería de Educación e outras entidades:

- Plan Proxecta
- Contratos Programa
- Clubs de lectura e programa de voluntariado na biblioteca escolar
- Estadias de inmersión lingüística para o alumnado
- Convocatorias para premios a proxectos de innovación didáctica e tecnolóxica.
- Participación en programas internacionais: Erasmus+
- Outras entidades e asociacións: clubs de debate, concursos, ..
- Colaboración permanente co Concello de Carballo en aspectos relativos ao desenvolvemento persoal do alumnado:
 - Educación para a saúde (prevención de drogodependencias, enfermidades de transmisión sexual, ..)
 - Absentismo escolar
 - Apoio familiar a través dos servizos sociais.
 - Participación do alumnado do centro en múltiples actividades propostas desde o Concello (charlas, actividades culturais, concertos, ...)
- Cesión das instalacións deportivas do centro educativo para a súa utilización por asociacións deportivas, a través do convenio establecido con Concello de Carballo.
- Relación co Concello de Carballo para a utilización do auditorio do Pazo da Cultura, Biblioteca Rego da Balsa, ou instalacións do Fórum, que conta con idóneas instalacións para a celebración de mostras ou feiras de exposicións.
- Cesión doutras instalacións do centro para a colaboración con outras institucións, para a organización de cursos e obradoiros (CFR, asociación de empresarios, centros educativos da contorna,..), previa autorización.

- Relación con diversas entidades e empresas, para a realización de diversas actividades de formación e xornadas técnicas.
- Desenvolvemento de actividades promovidas por outras organizacións: Cruz Vermella, Centro de Transfusión de Galicia,..

21. Avaliación da consecución dos obxectivos do Proxecto Educativo de Centro

Tal como indica o título VI da Lei Orgánica 2/2006, de Educación, modificada pola *Lei Orgánica 8/2013 (LOMCE)*, a avaliación abarcará todos os ámbitos educativos regulados pola Lei, e aplicarase sobre os procesos de aprendizaxe e resultados do alumnado, a actividade do profesorado, os procesos educativos, a función directiva, o funcionamento dos centros docentes, a inspección e as propias Administracións Educativas.

Anualmente realizarase a concreción dos obxectivos xerais do proxecto educativo de centro na Programación Xeral Anual. O seguimento dos obxectivos propostos realizarase a través dunha folla de cálculo que permitirá asociar cada obxectivo da PXA ao obxectivo xeral correspondente e desagregar as accións que conforman cada un dos obxectivos anuais, rexistrando os responsables, recursos, indicadores, temporalización e estado do obxectivo e das actuacións (programado/acadado/pendente).

Realizarase unha avaliación ao termo de cada curso, de acordo cos seguintes criterios de valoración, que se terán en conta na asignación de indicadores asociados ás diferentes liñas de actuación:

- a) A dirección e coordinación da actividade do centro, en especial no relativo á planificación, elaboración e desenvolvemento do proxecto de centro, á xestión de recursos humanos, materiais e económicos, ao seguimento, control e avaliación da actividade do centro, e ao cumprimento dos obxectivos educativos previstos no proxecto de dirección.
- b) A procura dun clima escolar que favoreza o estudo e a mellora dos resultados escolares.
- c) A potenciación da colaboración do centro coas familias do alumnado, co Concello e con outras entidades que faciliten a súa apertura ao exterior e a súa relación coa contorna.
- d) As accións postas en marcha para contribuír á igualdade efectiva entre homes e mulleres.

- e) A dinamización da participación, especialmente na coordinación dos órganos colexiados.
- f) O fomento da convivencia no Centro e a resolución de conflitos.
- g) A contribución ao desenvolvemento de Proxectos de Avaliación e Mellora do Centro, especialmente na participación en programas de innovación, fomento da participación do profesorado en plans e programas educativos, actividades de formación e de avaliación.
- h) O establecemento de actuacións e procedementos que permitan unha atención ás necesidades do alumnado en función das súas características persoais e da realidade socioeconómica e cultural referida ao contorno en que vive.
- i) O exercicio das competencias en materia administrativa e de persoal.

Ademais, a avaliación do Proxecto deberá abarcar os seguintes extremos: o grao de participación dos distintos sectores da comunidade educativa, o clima de convivencia no Centro que propiciaron as liñas de actuación marcadas, a asignación de funcións e cargos de coordinación docente, os resultados educativos acadados con estas medidas e os resultados das Probas de Avaliación de Diagnóstico, o seguimento do alumnado, o grao de coordinación existente nas actuacións dos diferentes órganos do Centro, a mellora das instalacións do Centro, a utilización que se fai dos espazos e recursos, o seguimento e control das normas de seguridade e prevención de riscos laborais, a coordinación cos centros adscritos de Educación Primaria, a relación co CFR e seguimento do plan de formación do profesorado, a coordinación coa Universidade e as actividades de orientación académica do alumnado, a coordinación coas empresas e institucións para a realización da FCT e os orzamentos, a súa concreción e grao de execución.

O cumprimento dos obxectivos do proxecto educativo de centro validarase anualmente a partir da verificación dos indicadores correspondentes ás liñas de actuacións referidas a cada un dos obxectivos. As actuacións serán consideradas como realizadas se responden aos indicadores sinalados en cada caso.

Ese proceso de avaliación terá lugar ao remate do curso escolar, tendo en conta o nivel de progresión ou desenvolvemento para cada actuación no plano cronolóxico. A valoración positiva do 80% das actuacións en cada obxectivo sinalará este como logrado.

No último Consello Escolar e no último Claustro de cada curso, renderanse contas da avaliación da Programación Xeral Anual, previamente á entrega á Inspección Educativa na Memoria Final Anual.

A partir da avaliación obteranse unhas Propostas de Mellora que serán perfiladas e incluídas nas liñas de actuación para o curso seguinte.

22. Referencias normativas

22.1. Normativa xeral estatal

- [Condicións para a obtencion dos titulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria e de Bacharelato. Norma: Orden ECD/1941/2016, de 22 de decembro \(BOE 23 decembro 2016\).](#)
- [Real Decreto-Ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de La Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.](#)
- [Real Decreto 310/2016, de 29 de julio, por el que se regulan las evaluaciones finales de Educación Secundaria Obligatoria y de Bachillerato.](#)
- [Real Decreto 665/2015, de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en La Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, La Formación Profesional y Las enseñanzas de régimen especial, a la](#)
- [Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.](#)
- [RD 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato.](#)
- [RD 127/2014, de 28 de febrero, por el que se regulan aspectos específicos de La Formación Profesional Básica de Las enseñanzas de FP del sistema educativo, se aprueban catorce títulos profesionales básicos, se fijan sus currículos básicos y se modifica el](#)
- [Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da FP.](#)
- [Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica La Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.](#)
- [Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.](#)
- [Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación \(LOE\)-Texto consolidado.](#)

22.2. Normativa xeral autonómica

- [Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.](#)

- Orde do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de Libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de Libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- Resolución do 20 de xullo de 2017 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes
- Instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en ESO e modelo de Consello Orientador da ESO
- Instrucións no curso académico 2016/2017 para a implantación do currículo da ESO e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da
- ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de Libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Aclaracións relativas a diversos aspectos do bacharelato derivados do réxime transitorio da implantación da LOMCE para o curso 2016/2017.
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharel
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de Libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- Resolución do 20 de xullo de 2017 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no



Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes

- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos IES.

22.3. Outra normativa

- Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación de Galicia
- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- Decreto 120/98, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na CA.

23. Bibliografía

Entre outros documentos, para a redacción deste documento, consultáronse os seguintes:

- *Curso "Desarrollo de La función directiva para centros docentes públicos".*
- *Fernández Díaz, M. J.; Álvarez Fernández, M. y Herrero Toranzo, E. (2002). La dirección escolar ante Los retos del S. XXI. Editorial Síntesis. Madrid.*
- *Thompson B., Jannethe. "Proyectos educativos", (online). Julio 16 del 2009*
- *Martínez, Adalberto. "Los proyectos educativos", (online). Marzo 14 del 2009.*